

COPA GALEGA DE NATACIÓN BENXAMÍN

Tempada 2013 - 2014. Circular 13-24

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES.

1.1.- Na Copa Galega Benxamín poderán participar os 16 mellores clubs clasificados da Liga Galega Benxamín, distribuídos en dous grupos: un grupo cos 8 primeiros clubs clasificados e outro cos 8 clubs que ocupen os postos 9 a 16.

1.2.- A Copa Galega Benxamín celebrarase na data establecida no calendario de natación para a presente tempada. Para a designación das sedes, terán preferencia os equipos clasificados en primeiro lugar na Liga Galega Benxamín en cada grupo (1º a 8º e 9º a 16º), sempre que a instalación escollida cumpra un mínimo de condicións. En caso de rexeitar ese dereito, pasará aos seguintes clubs por orde de clasificación.

1.3.- As probas realizaranse nunha soa sesión, que dará comezo ás 17:00 h.

2.- PROGRAMA DE PROBAS.

1.- 4X50 libre masculino	6.- 50 libre masculino O5	11.- 100 estilos masculino O5
2.- 4X50 libre feminino	7.- 50 libre feminino O5	12.- 100 estilos feminino O5
3.- 200 libre masculino O3	8.- 200 estilos masculino O3	13.- 4X50 estilos masculino
4.- 200 libre feminino O4	9.- 200 estilos feminino O4	14.- 4X50 estilos feminino
5.- 50 libre masculino O4	10.- 100 estilos masculino O4	

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

- Masculina: nados en 2003, 2004 e 2005.
- Feminina: nadas en 2004 e 2005.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos clubs con dereito a participación.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e dúas remudas.

3.4.- Cada club poderá inscribir 3 nadadores por proba.

3.5.- Cada club poderá inscribir 2 equipos de remudas.

3.6.- Aceptaranse substitucións de nadadores até 45 minutos antes do inicio da sesión, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club inscrito na proba.

3.7.- O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas en dita sesión.

3.8.- Os clubs con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. No caso de que algún non participase, o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado na Liga Galega Benxamín.

4.- INSCRICIÓNS.

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos (modelo) correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á FEGAN por correo electrónico a inscripciones@fegan.org. Xunto co devandito ficheiro remitirase, no mesmo correo, a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC.

4.2.- As inscricións para o campionato deberán acharse en poder da FEGAN 15 días antes do comezo da competición, cadrando este día a venres, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas e para substitucións, remitindo o impreso correspondente.

5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

- 5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.
- 5.2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e en cada proba de remudas.
- 5.3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- 5.4.- A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6.- CLASIFICACIÓN.

- 6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:
 - a) Total masculina en probas individuais mais as remudas.
 - b) Total feminina en probas individuais mais as remudas.
 - c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ámbalas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas.

7.- TÍTULOS E PREMIOS.

- 7.1.- Entregarase un trofeo ao clasificado en primeiro lugar na clasificación xeral conxunta como Campión Galego da Copa Galega de Natación Benxamín.
- 7.2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 27 de Setembro de 2013

Secretaría Xeral FEGAN